

* * *

O ROSAL

A N U N C I O

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, publícase o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola actividade municipal de control da apertura de establecementos, unha vez rematado o período de exposición pública, sen que se tiveran presentado reclamacións, polo que se entende definitivamente adoptado o acordo.

ORDENANZA Nº 13

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ACTIVIDADE MUNICIPAL DE CONTROL DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co establecido nos artigos 133.2 e 144 da Constitución Española, o artigo 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, de 2 de abril, os artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello do Rosal, establece a taxa pola apertura de establecementos.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constituirá o feito impoñible desta taxa a actividade municipal tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais, e mercantís, instalacións e actividades suxeitas a licenza, declaración responsable ou comunicación previa reúnen as condicións legalmente establecidas para a protección da saúde pública, da seguridade pública e do medio ambiente.

2.—A tal efecto teñen a consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo a súas actividades.
- b) A variación substancial ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- d) A reanudación da actividade, cando requira a concesión de nova licenza, rehabilitación da existente, control técnico administrativo cando se trate de reapertura anual de actividades de tempada, nova declaración responsable ou comunicación previa.

3.—Entenderase por establecementos e actividades aos efectos desta Ordenanza, todo local ou edificación non destinada a vivenda e que:

- a) Se dedique ao exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesanal, da construción, comercial, espectáculos públicos, actividades recreativas e de servizos que esté suxeita ao Imposto de Actividades Económicas.
- b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas de maneira que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos, estudos ou almacéns.
- c) Calquera outros que, aínda que non estén comprendidos nos dous parágrafos anteriores, deba ser obxecto de control técnico e administrativo municipal por estar comprendido no ámbito de aplicación do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

4.—Non estarán suxeitos á taxa os cambios de titularidade de licenzas en vigor ou de titularidade de establecementos e actividades suxeitos a declaración responsable, sen modificación do local ou actividade.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 6º.—BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base imponible para a determinación do importe da presente taxa o tipo de actividade que se exercite no local de negocio tendo en conta a superficie do mesmo.

ARTIGO 7º.—COTA TRIBUTARIA

A cota total a satisfacer será o resultado de sumar unha cota de tarifa, en función do tipo de actividade, máis un recargo adicional en función da extensión en metros cadrados do establecemento dedicado á actividade de que se trate.

A cota tributaria será a resultante da aplicación da seguinte táboa:

PRIMEIRO.—TARIFAS

Cota de Tarifa Importe (en €)

- Actividades non cualificadas ou inocuas só tributarán por recargo de superficie.
- Actividades cualificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas: 600 euros.
- Actividades cualificadas do apartado anterior que requieran Declaración de impacto Ambiental: 900 euros
- Actividades temporais ou eventuais : 100 euros
- Bancos, Caixas de Aforros e demais Entidades financeiras que se instalen dentro do termo municipal, soamente tributarán por cota de tarifa sen que lles sexa de aplicación o recargo de superficie 3.000 euros.

Recargo de superficie:

- Importe fixo: 100 euros.
- Ata 50 m²: Importe fixo.
- De 51 ata 100 m²: O importe fixo máis 5 € por cada m² que exceda de 51.
- De 101 ata 200 m²: O importe do tramo anterior máis 3€ por cada m²: que exceda de 101.
- De 201 ata 300 m²: O importe do tramo anterior máis 2€ por cada m² que exceda de 201.
- De 301 ata 400 m²: O importe do tramo anterior máis 1,50 € por cada m² que exceda de 301.
- De máis de 401 m²: O importe do tramo anterior máis 1€ por cada m² que exceda de 401.

SEGUNDO.—OUTRAS NORMAS DE XESTIÓN

- 1.—Os traslados de locais terán unha relación sobre a cota resultante, do 50% da mesma .
- 2.—No caso de licenzas para ampliación da actividade, ós efectos de cálculo do recargo de superficie, considérase soamente a superficie en m² que supón tal ampliación.
- 3.—Tratándose dun cambio de actividade, aínda que continúe o mesmo titular, considérase toda a superficie local.
- 4.—Nos traslados motivados por unha situación de emerxencia por derribo forzoso, afundimento, incendio,etc., aplicarase unha bonificación do 80% da Tarifa resultante, polo outorgamento de licenza para a apertura dun local que substitúa temporalmente o local titular.
- 5.—Unha vez reparado e reconstruído o devandito local titular, e sempre que sexa para a mesma actividade, a apertura do mesmo non devengará na Taxa.

ARTIGO 8.—DEVENGO

- 1.—Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza, declaración responsable, ou comunicación previa.
- 2.—Cando a apertura ou instalación tivese lugar sen solicitarse a oportuna licenza, ou sen que se presentara declaración responsable ou comunicación previa, o Concello poderá ordenar a suspensión da actividade e o peche do local. Para autorización posterior de reapertura , será necesario en todo caso presentar a correspondente solicitude, declaración ou comunicación.

ARTIGO 9.—NORMAS DE XESTIÓN

- 1.—A taxa esixirase en réxime de autoliquidación debendo o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, acreditar o ingreso do importe total estimado da débeda tributaria.

2.—Cando posteriormente se estimara a existencia de erro na liquidación, ou ben non se levara a cabo polo titular da actividade suxeita a declaración responsable, practicarase liquidación definitiva que se notificará ao interesado, reclamando ou devolvendo no seu caso a cantidade que proceda.

3.—No suposto de que non se iniciara o expediente a tenor do disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procederá a devolución do indebidamente ingresado, no seu caso, a instancia do interesado.

4.—Non se tramitará a solicitude de licenza, cando a mesma é preceptiva e non acredite o ingreso do importe total estimado da débeda.

5.—As consultas que se formulen sobre a posibilidade de establecer unha determinada actividade nun local, liquidaranse de acordo co establecido na Ordenanza reguladora da Taxa pola expedición de documentos no epígrafe “Informes Urbanísticos”.

6.—Consideraránse caducadas as licenzas, ou os efectos da declaración responsable ou comunicación previa se despois de concedidas ou presentadas transcorren máis de doce meses sen producirse a apertura dos locais, ou realización das instalacións ou, se despois de abertos se cerrasen por un período superior a doce meses, agás nos casos de forza maior. Presumírase que existe esta circunstancia en tanto non transcorran os prazos concedidos para o remate das obras do edificio ou local no que se teña que ubicar lo establecemento.

7.—As comunicacións que realicen os interesados en relación a cambios de titularidade deberán ir acompañadas da copia ou referencia da Licenza de Apertura existente, documento de cesión do antigo titular a favor do novo adquirente, así como D.N.I ou C.I.F. do titular actual e do novo.

8.—Os titulares dos establecementos estarán obrigados a exhibir en lugar ben visible dos mesmos, o certificado de licenza de actividade ou instalación.

ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo a infraccións tributarias desta Ordenanza será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente Ordenanza Fiscal, derroga e substitúe á Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de Licenza de Apertura de Establecementos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir desa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Rosal, a 14 de xuño de 2011.—O Alcalde, Jesús María Fernández Portela.

2011006129